



RESOLUCIÓN DE 18 DE XUÑO DE 2021 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE DECLARAN OS ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 10 DE MARZO DE 2021 NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA.

Mediante a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee de data 10 de marzo de 2021 (DOG n.º 56 do 24 de marzo) convocouse procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Unha vez rematados os prazos de presentación de solicitudes para todas as categorías obxecto da convocatoria, esta Xerencia de Área Sanitaria,

RESOLVE:

Primeiro: Publicar, con carácter provisional, a listaxe de aspirantes admitidos e excluídos ao devandito procedemento de mobilidade interna voluntaria.

Segundo: A listaxe poderá examinarse no taboleiro de anuncios do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (Hospital de A Coruña, Xubias de Arriba 84) / páxina web do ESPAZO DO PROFESIONAL.


Terceiro: Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para poder emendar, de ser o caso o defecto que motivase a súa exclusión.

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do CHUAC e no Espazo do Profesional

A Coruña, 18 de xuño de 2021

Asdo.: Javier Fernández Nistal
Director de RR.HH.



A Coruña, 18 de xuño de 2021



SERVIZO | Área Sanitaria da Coruña
O Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

XERENCIA

Asdo.: Luis Verde Remeseiro